



REGULAMENTO PARA A REALIZACIÓN DO TRABALLO DE FIN DE GRAO FACULTADE DE CIENCIAS

(Aprobado na Xunta de Facultade do día 22 de febreiro de 2019)

Artigo 1. Aspectos Xerais

1. A realización do Traballo Fin de Grao (en adiante TFG) é requisito imprescindible para a obtención do título de Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, de Grao en Enxeñaría Agraria e de Grao en Ciencias Ambientais, que se imparten na Facultade de Ciencias da Universidade de Vigo.
2. As directrices xerais relativas á definición, elaboración, presentación, defensa e avaliación dos TFG da Facultade de Ciencias da Universidade de Vigo regularanse polo “Regulamento para a realización do Traballo de Fin de Grao” da Universidade de Vigo, polo presente regulamento e o resto de normativas e procedementos da Universidade de Vigo en vigor ou que se puidesen aprobar relativas ao desenvolvemento e xestión da docencia de titulacións oficiais.
3. O TFG do Grao en Enxeñaría Agraria rexerese pola Orde CIN/323/2009, de 9 de febreiro, publicada no BOE de 19/02/2009 e subsidiariamente polo disposto no apartado 2 do artigo 1.
4. As tarefas de titorización, avaliación e cualificación dos TFG forman parte das obrigas docentes do profesorado.

Artigo 2. Comisión Responsable

A comisión responsable da correcta aplicación e interpretación do presente regulamento é a Comisión Permanente da Facultade de Ciencias da Universidade de Vigo (en adiante CP).

Artigo 3. Definición do TFG

1. O TFG forma parte como materia do segundo cuadrimestre de cuarto curso dos graos da Facultade de Ciencias da Universidade de Vigo, con unha carga de 6 ECTS, excepto no Grao de Enxeñaría Agraria, onde ten unha carga de 12 ECTS.
2. O TFG é un traballo persoal e orixinal tanto no título como nos contidos que cada estudante realizará de maneira autónoma baixo titorización docente, e debe permitirlle mostrar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título. En ningún caso pode ser un traballo presentado con anterioridade polo estudante nalguna materia de calquera titulación, aínda que pode integrar ou desenvolver traballos feitos na actividade doutras materias da titulación.
3. Cada estudante ten dereito ao recoñecemento da autoría do TFG elaborado e á protección da súa propiedade intelectual. A titularidade dos dereitos derivados pode compartirse coas persoas titoras ou cotitoras, e coas entidades públicas ou privadas ás que pertencen, nos termos e condicións previstos na lexislación vixente.
4. No caso do Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos e do Grao en Ciencias Ambientais, para desenvolver unha proposta de envergadura suficiente, poden participar varios estudantes, cada un nunha parcela precisa da tarefa global. Este feito será autorizado pola CP. Neste caso o alumnado implicado nun mesmo traballo compartirá titor/a e terá o mesmo tribunal de avaliación, mentres que a presentación, defensa e avaliación serán individuais.

5. O TFG poderá responder alo menos a unha tipoloxía enxeñaril, bibliográfica ou xeral, sen prexuízo doutras tipoloxías que poidan proporse, coa aprobación da CP.
6. O TFG poderá realizarse en institucións ou empresas externas á Universidade de Vigo. Nese caso existirá a figura dunha persoa cotitora pertencente á institución ou empresa. A persoa titora da Universidade de Vigo compartirá as tarefas de dirección e orientación e facilitará a xestión do TFG.
7. Cando o alumno/a realice o TFG noutra universidade, a CP solicitará a dita universidade que designe unha persoa titora, sendo a persoa responsable de intercambio na Facultade de Ciencias o cotitor/a aos únicos efectos de supervisar os trámites a desenvolver na Universidade de Vigo.
8. O TFG terá a súa guía docente, incluíndo os criterios de avaliación, axeitada á normativa correspondente da Universidade de Vigo e única para cada unha das titulacións de grao da Facultade de Ciencias da Universidade de Vigo.

Artigo 4. Matrícula do TFG

1. A matrícula no TFG farase acorde coa normativa da Universidade de Vigo, sendo necesario ter matriculadas todas as materias requiridas para finalizar o plan de estudos.
2. A matrícula no TFG dá dereito a dúas oportunidades de avaliación nun mesmo curso académico, sempre que se cumpran as condicións para a súa defensa expostas no artigo 9 da presente normativa, e a súa validez remata o último día hábil do curso académico.

Artigo 5. Titorización do TFG

1. Os TFG realizaranse baixo a supervisión e dirección dunha persoa que exercerá as tarefas de titorización.
2. A titorización consistirá en supervisar e orientar ao estudante na temática, metodoloxía, elaboración, presentación e calquera outro aspecto académico relativo ao TFG; así como facilitar a súa xestión, dinamizar e facilitar todo o proceso ata a presentación e a defensa do mesmo.
3. Poderá actuar como persoa titora calquera PDI da Universidade de Vigo, co visto e prace da CP. Poderá haber un cotitor/a, que cumpra as mesmas condicións que o titor/a, ou que pertenza á institución ou empresa externa onde o alumno/a desenvolve o seu TFG.

Artigo 6. Asignación de titorización e temática do TFG

1. Cada alumno/a pode chegar a un acordo cun PDI, que cumpra os requisitos do apartado 3 do artigo 5, para que sexa titor/a do seu TFG, en calquera momento.
2. En caso contrario, e antes do comezo do segundo cuatrimestre, a CP asignará titor/a e temática de TFG a todo alumno/a que non dispoña de titor/a, garantindo que todo o alumnado matriculado en TFG teña a debida titorización. Esta asignación será publicitada axeitadamente nos taboleiros do Facultade de Ciencias e/ou na súa páxina web.
3. De non estar de acordo coa asignación e/ou temática do TFG, o alumno/a poderá presentar unha reclamación razoada diante da dirección do centro no prazo de sete días naturais, que será resolta pola CP.
4. De non estar de acordo coa asignación e/ou temática do TFG, o titor/a poderá presentar unha reclamación razoada diante da dirección do centro no prazo de sete días naturais, que será resolta pola CP.
5. A adxudicación de titor/a e temática terá validez durante dous cursos académicos. Unha vez

transcorridos terá que volver a realizarse un novo proceso de adxudicación.

6. Cando se dean casos de baixa prolongada ou finalización da súa vinculación coa Universidade de Vigo, a CP procederá á substitución da persoa titora.
7. Unha vez asignado titor/a e temática, entregarase na Secretaría do Decanato unha solicitude para o TFG, cunha antelación superior a 60 días naturais á súa defensa.
8. A solicitude farase mediante o impreso normalizado que se facilitará na Secretaría do Decanato e/ou estará dispoñible na páxina web do Facultade de Ciencias. O devandito impreso conterà como mínimo: a tipoloxía de TFG seleccionada (de acordo co artigo 3.5), a identidade do alumno/a; a identidade do titor/a; a identidade do cotitor/a, se procede; o título proposto para o TFG, os obxectivos e unha breve descrición do TFG proposto. Este impreso deberá vir asinado polo alumno/a, o titor/a e o cotitor/a, de ser o caso.
9. O Equipo Decanal examinará as solicitudes de TFG para a súa aprobación e convocará unha CP cando considere que algunha solicitude non é axeitada, para que a CP a examine. En caso de non ser aprobada pola CP, enviarase ao alumno/a e o titor/a un informe razoado, establecéndose un prazo de 10 días naturais para emendar as deficiencias detectadas.
10. Atendendo ao informe da CP, o alumno/a tamén pode presentar unha solicitude totalmente nova, comezando un prazo de 60 días naturais tal e como se expón no apartado 7 do artigo 6.

Artigo 7. Cambios na asignación do TFG

1. O alumno/a poderá solicitar á CP o cambio de titor/a, para o que deberá presentar una solicitude motivada.
2. O titor/a poderá solicitar á CP o cambio de alumno/a asignado e da temática, para o que deberá presentar una solicitude motivada.
3. A CP poderá autorizar estes cambios, debendo motivar a súa decisión en caso negativo.

Artigo 8. Elección e nomeamento dos tribunais de TFG

1. Os tribunais encargados de avaliar os TFG serán nomeados pola CP entre o profesorado da facultade ou do grao correspondente. Serán tribunais colexiados compostos por tres membros, actuando un como presidente/a, outro como vogal e outro como secretario/a.
2. En función das características dos TFG presentados ou do número de estudantado matriculado, poderán nomearse varios tribunais para unha mesma titulación ao longo de cada curso académico.
3. Non poderá formar parte dun tribunal o titor/a ou o cotitor/a dalgún dos TFG que sexan avaliados polo devandito tribunal.
4. De ser necesaria a substitución dalgún dos membros dun tribunal a CP poderá nomear suplentes.
5. De maneira excepcional, a CP poderá autorizar que formen parte do tribunal outro persoal docente, persoas colaboradoras ou membros de institucións externas á Universidade de Vigo, que poderán actuar en calidade de vogais, con voz e voto.

Artigo 9. Tramitación e presentación dos TFG

1. É responsabilidade do alumno/a a realización de todos os trámites necesarios para solicitar poder defender o TFG, especialmente os trámites telemáticos.
2. Excepcionalmente, a CP poderá autorizar a defensa sen o informe favorable do titor/a, trala

petición formal e motivada do alumno/a e oído o titor/a.

3. Cunha antelación non inferior a 10 días naturais a ao período de exposición, o alumno/a entregará unha copia do TFG na Secretaría do Decanato, para que sexa informado pola CP. No informe da CP deberá figurar se o TFG é apto ou non apto para a súa presentación perante o tribunal.
4. O titor/a poderá expor por escrito e razoadamente á CP se o TFG non se axusta a algunha das tipoloxías recollidas no artigo 3.5, podendo a CP decidir que algunha das categorías a avaliar na Rúbrica non son de aplicación para o dito TFG. En caso de aceptación desta proposta do titor/a por parte da CP, a puntuación das categorías da Rúbrica que non se avalíen distribuirase de xeito proporcional entre o resto de categorías que si se avalíen.
5. No caso de que o informe referido no apartado anterior sexa non apto, deberán xustificarse as razóns polas que é considerado non apto e se procede das recomendacións que a CP estime oportunas. O ditame de non apto implicará a paralización da tramitación do TFG e a súa devolución ao alumno/a para que efectúe as modificacións pertinentes.
6. Cunha antelación non inferior a 5 días naturais á data de exposición, o alumno/a entregará na Secretaría do Decanato catro copias do TFG. Unha delas, que se entregará en formato dixital nun CD ou soporte equivalente, quedará depositada na secretaria do Decanato e as restantes repartirase entre os membros do Tribunal.
7. Nos exemplares do TFG deberán reflectirse na portada: Universidade de Vigo, Facultade de Ciencias, Titulación, Título do TFG, Departamentos do titor/es, Nome do Autor/a e Convocatoria do Exame.

Artigo 10. Exposición, defensa e avaliación dos TFG

1. A CP fixará a data, lugar e hora de exposición de cada TFG, que será publicitada polo menos nos taboleiros do Facultade de Ciencias e/ou na páxina web.
2. O tribunal constituirase formalmente coa debida publicidade e cunha antelación mínima de cinco días antes do acto de defensa.
3. O titor/a e, se procede, o cotitor/a, poderán estar presentes con dereito a voz no acto de defensa.
4. A exposición do TFG por parte do alumno/a será presencial, pública e oral. O tempo do que disporá o alumno/a para expoñer aqueles aspectos do TFG que estime oportunos será fixado polo presidente/a do Tribunal, recomendándose unha duración de 15 a 30 minutos.
5. Trala exposición o Tribunal poderá formular as preguntas que estime oportunas co fin de avaliar os distintos aspectos reflectidos no TFG.
6. A cualificación do TFG dividirase nun 25% para o informe que faga o titor/a, e un 75% para a cualificación do Tribunal. O Tribunal terá acceso ao informe do titor/a con anterioridade á defensa do TFG. Tanto o informe do titor/a como a avaliación do Tribunal realizarase seguindo unha Rúbrica. Esta Rúbrica amosarase nos taboleiros da facultade e/ou na páxina web.
7. A avaliación do TFG polo Tribunal é a porta pechada, podendo estar presente nas deliberacións, con voz e sen voto, o titor/a e, se procede, o cotitor/a. O secretario/a do Tribunal estenderá Acta reflectindo a nota obtida polo alumno/a. Cada membro do Tribunal aplicará a Rúbrica para dar a súa cualificación individual, sendo a nota do Tribunal a media das notas que emitan os membros do Tribunal presentes.
8. O Tribunal redactará un informe sobre a avaliación do TFG, que se xuntará á Acta.
9. Se a nota é igual ou superior a 9.0, o TFG poderá proporse para Matrícula de Honra. Esta proposta indícarase na Acta, quedando a cualificación definitiva pendente ata a resolución da

CP unha vez finalizadas todas as exposicións dos TFG do curso académico, que tras estudar todas as propostas de Matrícula de Honra, decidirá cales se conceden, co máximo permitido pola normativa académica da Universidade de Vigo.

10. A notificación das cualificacións farase mediante a súa publicación nos taboleiros da Facultade e/ou na páxina web, trala realización de todas as defensas de cada convocatoria de TFG do curso. En casos excepcionais debidamente xustificadas polo alumno/a, e a proposta da CP, poderáselle comunicar a cualificación con anterioridade.
11. No caso de obter unha avaliación de suspenso, o Tribunal fará chegar ao alumno/a e o seu titor/a un informe coas recomendacións oportunas para mellorar o TFG.
12. O alumno/a poderá presentar recurso á avaliación do Tribunal, ante o decano da Facultade, nun prazo de 15 días naturais a partir da notificación da cualificación do TFG. O devandito recurso será resolto pola CP nomeando un tribunal de tres profesores e comunicado ao alumno/a a resolución, confirmándoa o modificándoa, nun prazo non superior a tres semanas. En caso de ser desfavorable poderase interpor, cun prazo de 15 días dende a súa notificación, recurso de alzada perante o reitor/a.

Artigo 11. Cualificación definitiva dos TFG

1. Trala exposición, defensa e avaliación de todos os TFG do curso académico, e de acordo co calendario académico da Universidade de Vigo, a CP reunirse para decidir as posibles Matrículas de Honra e trasladará ao profesorado responsable da materia TFG de cada grao as cualificacións definitivas, para cubrir e entregar as correspondentes actas.
2. A entrega de actas dos TFG estará rexida polos tempos máximos de entrega de actas de cada convocatoria e pola data de inicio administrativa do novo curso académico.
3. O TFG será cualificado en acta unha vez que se teña constancia de que o alumno/a dispón de todos os créditos necesarios para obter o título oficial de grao, salvo os correspondentes ao propio TFG, xa sexa por superación das materias correspondentes ou por recoñecemento.

DISPOSICIÓN FINAL

Este Regulamento entrará en vigor no curso académico 2019/2020.